

PROXECTO DE FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA (CURSO 2019-2020)

Liñas prioritarias de actuación na biblioteca escolar

1. ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES

A Biblioteca do IES Ramón Otero Pedrayo está situada na planta baixa do Instituto e ten accesibilidade para persoas con discapacidade. A superficie da Biblioteca é de 90 m², repartidos en dúas zonas: unha de **lectura informal e lecer** e outra de **lectura, consulta e traballo**. No espazo de lectura informal e lecer temos diversos materiais: cómics, prensa, revistas, xogos de xadrez e pensamos completala con máis xogos de mesa así como ampliar a colección de cómics no vindeiro curso 2019-2020. Na zona de lectura, consulta e traballo hai 6 ordenadores con acceso a Internet que son utilizados polo alumnado nos recreos e en materias como *Investigación e Tratamento da Información*. Ademais do ordenador principal (co que traballamos co sistema MEIGA e no que o alumnado consulta o catálogo da biblioteca no recreo) para realizar os préstamos contamos con outro ordenador no que instalamos este curso 2018-2019 o sistema de autoempréstito: o alumnado realiza os préstamos e devolucións dos libros a través deste sistema.

A biblioteca presta o seu servizo durante case todo o horario lectivo, incluídos os recreos, que son os momentos nos que acoden os discentes, tanto para os préstamos dos libros como para a procura de información.

En canto á xestión dos fondos de biblioteca, estamos a empregar o programa MEIGA, e seguimos as normas da **CDU**, adaptándoas á situación concreta da biblioteca. Este curso continuouse co proceso de informatización de todos os materiais: comenzo a informatizar a catalogación de material audiovisual, de cómics, dicionarios e material didáctico, e pensamos rematar este proceso o curso 2019-2020. O alumnado utiliza a biblioteca de forma habitual nos recreos e tamén en materias que precisan a información de libros especializados e de Internet. O próximo curso instauraremos a figura do **alumnado voluntario**, que instruirá ao novo alumnado no manexo do autoempréstito, que consultará o catálogo da biblioteca no recreo para ver a dispoñibilidade/existencia de determinados libros, e que disporá dunha sección no **blog** da biblioteca **bibliotero.blogspot.com** para realizar recomendacións e/ou comentarios semanalmente. Este curso contamos con alumnado axudante de xeito informal, que nos axudou no labor de expurgo realizado nos fondos da biblioteca. Así mesmo, realizouse o expurgo en dous momentos do curso académico: no comezo do segundo trimestre e no final do terceiro trimestre; no segundo trimestre, realizouse o expurgo do material literario e no terceiro trimestre, realizouse o expurgo do material didáctico: enciclopedias, atlas, etc. Os libros expurgados quedaron nun expositor no corredor do instituto a disposición do alumnado. No vindeiro curso tamén liberaremos algúns libros para que o alumnado os poda ler e, posteriormente, os libere noutro lugar. O expurgo levarase a cabo cada curso escolar, ou cada dous cursos se foi suficientemente eficaz o expurgo levado a cabo; prevalecerá a calidade fronte a cantidade de fondos dispoñibles, pois existían moitos volumes deteriorados e/ou anticuados e que non eran lidos polo alumnado. Tamén se pretende dotar de fondos de contido non literario didáctico-científico e/ou ensaístico á biblioteca, actualmente existen poucos e están anticuados.

A materia de *Investigación e Tratamento da Información* impártese en 1º de ESO e trabállase, fundamentalmente, na biblioteca. Nesta materia o propio alumnado propón temas a traballar, que sempre van estar relacionados co traballo interdisciplinario e coas propostas que vaian xurdindo durante o curso.

2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO

A Biblioteca está presente no Instituto, fundamentalmente, a través das diferentes actividades de dinamización e formación de usuarios coas que se pretende seguir o vindeiro curso:

1. Impulsar o Proxecto lector do Centro e o Club de Lectura *Bibliotero*, que comezou o curso 2007-2008 e que tivo boa acollida entre o alumnado. Este curso 2018-2019 instaurouse a hora de ler en 1º de ESO como parte do Proxecto lector de Centro e continuarase coa hora de ler o vindeiro curso.

2. Sesións informativas no comezo do curso, instruírse ao alumnado de 1º de ESO no uso do sistema de autoempréstito e a todos os discentes se lles facilitarán as normas de uso e funcionamento da biblioteca nun tríptico informativo. Ditas normas estarán a disposición do alumnado na biblioteca. Tamén se informará da existencia da figura do alumnado voluntario de biblioteca e das súas competencias.

3. Potenciar a formación de usuarios e o uso das TICS, incidindo especialmente na busca, selección e tratamento da información. O curso 2019-2020 incidirase na actualización e dinamización do blog da biblioteca bibliotero.blogspot.com a través da participación dos discentes: alumnado voluntario da biblioteca e alumnado do instituto.

4. Sesión de acollida do alumnado de 6º de primaria dos colexios adscritos, cunha visita especial á biblioteca, na que se lles ensinan os fondos e materiais da biblioteca e se lles explica o seu funcionamento.

5. Recompilar, organizar e catalogar todos os materiais e recursos didácticos do centro:

Revisaranse os departamentos na procura de materiais útiles para a biblioteca escolar e, ademais do uso de ordenador e proxector na aula, cada aula estará dotada de dicionarios de Lingua castelá, Lingua francesa, Lingua galega e Lingua inglesa; tamén se incluírán nas aulas dicionarios de sinónimos e antónimos e libros divulgativos ou de consulta. A praxe docente indica que son máis útiles nas aulas que na biblioteca ditos fondos e so reservaremos unha selección de ditos materiais para a biblioteca.

6. Actividades de fomento da lectura como medio de entretemento e información: libros recomendados no Club de lectura *Bibliotero*, recomendación semanal do alumnado voluntario e do profesorado no blog bibliotero.blogspot.com, continuidade da hora de ler, encontros con escritores, roteiros e visitas a museos de escritores, acudir a representacións teatrais fora ou no propio centro escolar, etc.

7. Lectura libre e tamén planificada, en sesións semanais. Este curso instaurouse a hora de ler en 1º de ESO e búscase fomentar a lectura tamén nas gardas de aula, ademais de na biblioteca ou no patio do centro educativo.

8. Actuar como enlace con outras fontes e servizos de información externos, a visita que se realiza co alumnado de 1º de ESO á Biblioteca González Garcés pretende fomentar o uso habitual das bibliotecas como fontes de información e de servizos. Colaborar co Colexio de Xornalistas, a través dos obradoiros que imparten no centro, conecta a biblioteca con outra fonte de información externa, que o alumnado le a través de prensa escrita e/ou dixital nos recreos na biblioteca.

9. Promover actividades que favorezan a adquisición de habilidades no uso de materiais e na busca e tratamento da información: sesións de ALFIN, xogos de busca de información, obradoiros, etc.

10. Facer exposicións puntuais, sobre autores literarios, científicos destacados, músicos relevantes, eventos culturais-científicos e/ou deportivos, e sobre temas encadrados no currículo das diversas materias impartidas no centro educativo.

11. Elaborar guías de lectura a través do blog da biblioteca sobre calquera tema que sexa interesante e motivador para os discentes: autores, movementos, eventos... Fomentando a lectura do libro literario ou divulgativo, así como promovendo o interese por outros medios de información a través das TICS.

12. Recomendacións de lectura no blog da biblioteca e na biblioteca, sobre autores e datas ou eventos significativos: Premios literarios, Aniversarios, Conmemoracións, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día da Ciencia, Día da Paz, etc.

3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

En canto á Información e a Formación de usuarios, farase unha sesión inicial de visita á biblioteca no mes de outubro co alumnado de todos os cursos da ESO, para informar das novidades e do proxecto da biblioteca para este curso 2019-2020. Incidiremos no sistema de autoempréstito, na figura do alumnado voluntario de biblioteca e nas normas de uso e funcionamento para poder realizar a adquisición de competencia informacional e dixital.

O alumnado de 1º de ESO ten una materia optativa denominada *Investigación e tratamento da información*, na que coñecen as fontes de información do centro, centralizadas na biblioteca, e desenvolven un Proxecto documental por trimestre. Un dos obxectivos é que ao final do curso sexan autónomos na procura da información para elaborar calquera tipo de traballo documental e que sirvan de guías na xornada de portas abertas ao alumnado de 6º de Primaria dos colexios adscritos .

Os demais grupos acoden nas horas de titoría, coordinados coa responsable da biblioteca ou co equipo de apoio. Ademais, sempre ao inicio do curso, programamos visitas guiadas á Biblioteca Pública González Garcés.

Continuarase a difundir a guía de uso da biblioteca, pero fomentarse a difusión do labor da biblioteca a través do [blog](#) e da intervención dos discentes en [bibliotero.blogspot.com](#).

Para formar ao alumnado no uso dos novos medios de información e comunicación, así como na adquisición da competencia dixital o curso 2019-2020 desenvolverase un grupo de traballo no centro no que colaborarán o IES Ramón Otero Pedrayo co IES Plurilingüe de Elviña.

4.VOLUNTARIADO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Durante este curso 2019-2020 queremos constituír un grupo de alumnos que apoie ao equipo da biblioteca nas tarefas relativas á xestión e á dinamización.

O tempo dedicado a este labor contabilizarase a través dun rexistro de horas e de actividades realizadas. Este tempo de voluntariado seralles recoñecido mediante a emisión de certificados de acción voluntaria. Para poder optar a este certificado deberán realizarse un mínimo de 15 horas anuais.

O alumnado voluntario deberá asinar un compromiso xunto co responsable da biblioteca escolar, que poderá ser revocado sempre que se avise en tempo e forma. Por seren alumnos menores de idade, os pais/nais deberán ser informados e asinar unha autorización.

Obxectivos:

- Favorecer a formación de actitudes de colaboración no ámbito cultural entre o noso alumnado.
- Implicar ao alumnado na dinamización da biblioteca escolar e nas actividades de fomento da lectura.
- Educar ao alumnado na solidariedade, fomentando a axuda entre iguais.

Tarefas dos coordinadores.

- Formar e coordinar o grupo de voluntarios, distribuindo as tarefas e/ou actividades a realizar e establecendo un calendario de participación.
- Facilitar unha formación básica do alumnado voluntario para que poidan levar a cabo as tarefas encomendadas.
- Supervisar o traballo do alumnado voluntario durante o curso escolar.

- Levar conta das horas e das actividades realizadas a través dun rexistro que sirva para certificar posteriormente o labor dos voluntarios.
- Xestionar os contidos que se publican no blog e nas redes sociais da biblioteca nas que colaboran os voluntarios.

Tarefas dos voluntarios.

- Axudar aos compañeiros a atopar o libro que buscan nos andeis da biblioteca.
- Consultar no catálogo.
- Ensinar aos usuarios da biblioteca a utilizar o ordenador de autoempréstito.
- Axudar na colocación dos libros devoltos.
- Axudar na colocación de exposicións temáticas periódicas.
- Aportar ideas para a compra de novo material.
- Participar activamente no blog ou nas redes sociais da biblioteca (fomento da lectura, exposicións, conmemoracións, concursos, etc.).

Avaliación.

Ao final de curso tanto o alumnado participante como o equipo da biblioteca realizarán unha reunión para amosar o seu grao de satisfacción co programa. Así mesmo, poderán facer as propostas de mellora que consideren convenientes para introducilas nos vindeiros cursos.

5. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

HORA DE LER: este curso estableceuse a hora de ler en 1º de ESO, 10 minutos diarios en diferentes materias que se cambiaron trimestralmente. As clases contaban cunha biblioteca de aula e tamén podían ler outro tipo de libros. Os libros da biblioteca de aula estaban en castelán, francés, galego e inglés. Predominaba o xénero narrativo fronte ao lírico e o dramático, seguindo o gusto maioritario dos discentes para fomentar o hábito lector.

ENCONTROS CON ESCRITORES, ARTISTAS, CIENTÍFICOS, XORNALISTAS, etc. : continuarán os encontros con autores literarios, e preténdese incidir tamén no fomento do libro divulgativo-científico, realizando encontros con artistas, científicos, xornalistas...

BLOG DE BIBLIOTECA bibliotero.blogspot.com: preténdese dinamizar e actualizar o blog pero desde outra perspectiva, incidindo na figura do alumnado voluntario de biblioteca, e, por ende, de todos os discentes. O alumnado voluntario fará recomendacións de lecturas semanais, así como incitará ao resto dos discentes a estar informados en diversos ámbitos. Anunciaranse os libros de lectura mensual do Club de lectura *Bibliotero* e informarase puntualmente das diversas actividades da biblioteca coa idea de xerar unha interacción con toda a comunidade educativa, non so se pretende que sexa mostra do que se fai senón que sirva para interactuar e plantexar novas dinámicas coas familias e discentes: xerar opinións e novas liñas de actuación.

CLUB DE LECTURA: o Club de lectura *Bibliotero* continuará o curso 2019-2020 facendo propostas motivadoras de lectura mensualmente ao alumnado, as reunións faranse nos recreos na biblioteca e, dependendo do número de integrantes, pódese escindir en varios subgrupos para perfilar mellor os intereses dos alumnos.

GUÍAS DE LECTURA, BOLETÍNS DE BIBLIOTECA: elaboraranse guías de lectura e itinerarios lectores para cada materia (en colaboración cos diferentes Departamentos), e pensamos completalas con guías temáticas para o Día do Libro e o Día das letras Galegas. Preferentemente publicaranse no blog, aínda que pensamos ter dispoñibles tamén as guías en papel na biblioteca.

6. AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

No centro existe alumnado de **diversa procedencia social**, o uso preferente de ordenadores para realizar traballos e de prioridade de empréstito nos libros de lectura obrigatoria ten en conta esta

realidade social. Emos tamén alumnado que procede de **diversos países** que ademais das clases de apoio esixe unha biblioteca con materiais actualizados e adaptados ás súas necesidades.

Especial atención presta a biblioteca ao alumnado **hipoacúsico**, que ten intérprete nas aulas e reforzo, e que conta na biblioteca con algúns libros específicos e materiais en lingua de signos.

Cada curso escolar a biblioteca prestará especial atención ao alumnado con NEE para adquirir materiais inclusivos.

7. OUTRAS ACTUACIÓNS

- Seguir co labor de expurgo de fondos, centrado naqueles materiais que estén deteriorados ou que teñan pouca ou ningunha demanda.
- Recoñecer o labor do alumnado voluntario de biblioteca con agasallos.
- Elaborar unha relación dos materiais solicitados polo alumnado e polos Departamentos para actualizar os fondos e fomentar o hábito lector.
- Elaborar materiais de exposicións e materiais audiovisuais para o blog, en colaboración cos Departamentos para as conmemoracións e celebracións que se realizan na biblioteca.
- Colaborar cos Departamentos para a realización de actividades conxuntas en relación cos Proxectos de Centro ou cos contidos/efemérides concretas:
- **PROXECTO “MÁIS POLA IGUALDADE”**, iniciado no curso 2017-2018 e co que continuou a colaborar a biblioteca este curso coas “Pegadas Poéticas” nas escadas do centro. No próximo curso continuaremos a colaborar con este proxecto.
- **CONCURSOS** con motivo de diferentes efemérides e conmemoracións, por exemplo relatos de terror no Samaín, Tarxetas de Nadal que adornarán a Árbore do centro no Nadal, Poemas de amor no 14 de febreiro, Marcapáxinas con poemas de autores como no Día de Rosalía, Material escrito e audiovisual feitos polo alumnado no Día do Libro e no Día das Letras Galegas.
- **EXPOSICIÓNS:** Día da Biblioteca, Mes da Ciencia e Día da Ciencia. Realizaranse exposicións de material divulgativo e, se é posible organizarase algún encontro ou recomendarase unha lectura didáctico-científica.
- **DÍA DAS LETRAS GALEGAS:** exposicións do alumnado nos corredores do centro e na biblioteca e creación dun material audiovisual en formato documental acerca do autor protagonista do Día das Letras Galegas o vindeiro curso.
- **ENCUNTROS CON AUTORES:** en relación coas lecturas propostas polos diferentes Departamentos, polo Club de lectura *Bibliotero*, etc.
- **OBRADOIROS DE POESÍA, MÚSICA, XORNALISMO, DEPORTE:**
- **CONMEMORACIÓNS, actividades en datas sinaladas do curso:**

O SAMAÍN. Lecturas de terror na biblioteca nas diferentes linguas nos días anteriores ao 31 de outubro, concurso de relatos de terror e actuación no centro da Tropa de Trapo con “Contos de defuntos” e posterior obradoiro co alumnado.

DÍA DA NON VIOLENCIA SEXISTA- Para reivindicar o 25 de novembro pódense elaborar diversos materiais: graffitis, textos, poemas, cartas e murais na Biblioteca e nas aulas. Tamén material audiovisual “maker” formato sketch teatral creado polo alumnado.

DÍA DA PAZ. Elaboración e lectura de poemas e textos sobre a Paz, creación dun vídeo conmemorativo polo alumnado. Selección de fragmentos cinematográficos para reivindicar a paz.

DÍA DA MULLER TRABALLADORA. O 8 de marzo facer exposicións e vídeos de mulleres na arte, na literatura, na música, na historia, na ciencia, no deporte. Representación no centro de “*Contamos todas*” de **Tropa de Trapo** e posterior obradoiro co alumnado. Selección de fragmentos cinematográficos para facer visibles

ás mulleres traballadoras e/ou tarefa “maker” do alumnado, creando o seu propio material audiovisual.

DÍA DO LIBRO. Exposicións de Cervantes e Shakespeare. Selección e visualización de fragmentos de filmes que traten sobre Cervantes e Shakespeare nas aulas e/ou na biblioteca. Lectura de *El Quijote* en la biblioteca. Tarefa “maker”: realización de sketches basados na obra e vida de Cervantes e Shakespeare e escenificación das mesmas nas aulas e/o na biblioteca ou no salón de actos do centro.

7. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

O profesorado e o alumnado ao longo de todo o curso valorará as diferentes actividades que se propoñen, así como a aplicación do Proxecto Lector do centro. Despois de cada actividade, mediante **enquisas, comentarios ou cuestionarios específicos**, o alumnado poderá avaliar o proceso e o resultado. Nun Cuestionario final , o alumnado e o profesorado poderán avaliar a proposta didáctica da actividade:

- Valoración do uso dos fondos documentais da biblioteca.
- Análise e valoración dos resultados do Plan Anual de Lectura e do Proxecto Lector.
- Valoración da cantidade e calidade dos fondos documentais, en relación coa súa utilidade e adecuación dos temas aos intereses do alumnado.
- Avaliación das actividades de animación á lectura, tendo en conta o nivel de participación nas mesmas e comprobando se resultaron atractivas, motivadoras e didácticas.
- Valoración do nivel de participación da comunidade educativa nas actividades deseñadas e promovidas pola Biblioteca.
- Valoración por parte dos Departamentos das actuacións desenvolvidas desde a Biblioteca.

8. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE-DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO

Juan Berná Pérez. O proxecto de biblioteca pretende ser flexible e adaptarse ao centro educativo. Preténdese dotar ao proxecto dunhas liñas de actuación que se podan seguir ao longo dos cursos para dar unha estabilidade ao funcionamento e servizos da biblioteca. O equipo de biblioteca pretende ser estable pero tamén flexible: conta cuns membros e cunha coordinación pero poden variar segundo as necesidades de cada curso escolar.

Equipo de Biblioteca:

- Berná Pérez; Juan. Coordinador e dinamización de biblioteca.
- Campos Rey, Ana. Garda e dinamización.
- Rivas Romero, Juan Antonio. Garda.
- Longueira Fafián, Félix. Dinamización.
- Valdés Rodríguez, M^a Begoña. Garda e dinamización

Visto e Prace: O director
Xosé Luís González Rodríguez

O coordinador
Juan Berná Pérez